




ABRIL, MES DO LIBRO.

PROGRAMACIÓN
DE ACTIVIDADES
CEIP Andrade
2011/2012



**ADIVIÑA
QUEN
SON...**

**Unha nena ou neno vestida/o
de libro daranos algunhas
pistas para que descubrades
de que libro se trata.**

**Teremos tres grupos de
libros:**

- **Contos clásicos.**
- **Libros de Gonzalo Moure.**
- **Libros lidos nas Lecturas
Compartidas.**

MADRIÑAS E PADRIÑOS LECTORES.

**O ALUMNADO DO 3º CICLO E 4º CURSO COMPARTIRÁ LECTURAS
COS NENOS E NENAS DE INFANTIL, 1º CICLO e 3º CURSO:**

**Os padriños e madriñas preparan o conto que lle van ler aos seus
afillad@s e ao día seguinte, na "Hora de Ler", acoden ás aulas a
buscalos. Os padriños e madriñas elixen o libro e o lugar onde queren
estar. Pode ser en calquera sitio do colexio.**

OS NOSOS LIBROS FAVORITOS:

**Consultando a base de datos do programa de xestión da nosa Biblioteca,
Proxecto Meiga, confeccionaremos unha lista cos libros máis empréstados
durante este curso 2011/2012.**

**Cos dez primeiros libros faremos unha exposición á entrada da Biblioteca
titulada: "OS NOSOS LIBROS FAVORITOS"**

Mellores Lectores:

Consultando a base de datos do programa de xestión da nosa Biblioteca, Proxecto Meiga, confeccionaremos a lista dos mellores lectores 2011/2012;
un representante de cada curso.

Raioteca, a mascota da nosa Biblioteca,
seguro que terá algunha sorpresa para estes fantásticos lectores e por suposto tamén para os/as axudantes de Biblioteca.

Mercadillo de libros e películas:


Os libros e as películas proceden de doazóns das familias do alumnado do colexio.

Pódense adquirir ao precio simbólico dun euro.

Os cartos recadados serán para axuda da excursión do alumnado de 6º curso.

XUNTANZA CLUB DE LECTURA

Comentaremos o libro “Palabras de Caramelo” do escritor Gonzalo Moure que nos visitou o día 8 de marzo.



ACTIVIDADES TIC

Proposta de dúas cazas do tesouro elaboradas dende a Biblioteca:

- **Para o alumnado do 2º e 3º ciclo.**
- **Están enlazadas no lateral do blog da biblioteca, no apartado: Actividades TIC do CEIP de Andrade,**
- **Son:**

23 de Abril: "Día Internacional do Libro"

"Día Internacional do Libro II"

- **Enlace a unha páxina de recursos elaborada na Biblioteca Mestres Goldar:**

<http://sites.google.com/site/diadolibrorecursos/>

O DÍA 23 DE ABRIL:

INTERCAMBIO DE RECOMENDACIÓNS DE LIBROS, POR CICLOS.

LISTA DOS LIBROS MÁIS LIDOS.

ENTREGA DE DIPLOMAS AOS MILLORES LECTORES,
HABERÁ UNHA SORPRESA PARA OS/AS ENCARGADOS/AS DE
BIBLIOTECA.

CLAUSURA DA ACTIVIDADE: "Adiviña quen son..."

